



Concello de Cangas

Expediente num: 1415/2020

Procedemento: Medidas COVID-19

Documento: Decreto de Alcaldía peche dos parques infantís e biosaudables

DECRETO DE ALCALDÍA

Ante a situación de crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19, que ven de motivar a adopción do estado de alarma actualmente vixente, as diferentes Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, están a adoptar medidas tendentes a previr e, no posible evitar, o incremento do número de persoas contaxiadas.

Nesta liña, tomando en consideración a evolución actual da crise sanitaria no termo municipal de Cangas e nos concellos desta área por parte do Concello resulta obrigado adoptar medidas en evitación da propagación da enfermidade.

Vista a orde do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e en particular o disposto no apartado 3.22 do seu ANEXO I Medidas de prevención específicas, que establece :

“3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre. Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles respéctese unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.”

Como responsables dos devanditos espazos resulta preciso atender desde unha perspectiva de prudencia as recomendacións sanitarias.

Visto o artigo 25. 2. j da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) establece como competencia municipal “a protección de salubridade pública” e o artigo 26 da mesma norma que recolle como servizo esencial obrigatorio o de parque público para aqueles concellos de máis de 5.000 habitantes.

Por todo o exposto anteriormente e en virtude do artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Ordenar o peche dos parques infantís, parques biosaudables, pistas de skate e canchas de petanca e chave municipais durante o tempo imprescindible para asegurar a protección dos cidadáns por concorrer circunstancias de risco extraordinario para a saúde.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3SWR3WMLQ44FZR6GHJ243TZZ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

SEGUNDO: Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello para o seu xeral coñecemento indicando que contra ela, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía desta Entidade, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da citada publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: 3SWR3WMLQ44FZR6GHJ243TZZ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850